PLAN DE TRABALLO

UNIDADE DIDÁCTICA **"QUIROGA É UN VIÑO"**

4º Ed.Primaria - CEIP de Quiroga - Belén Maseda Quiroga

Tarefas de repaso do 11 ao 22 de maio

O plan de traballo recolle actividades de repaso, reforzo e ampliación (de ser o caso). Están incluídas actividades de: Lengua Castellana, Lingua Galega, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Plástica, Valores e Educación Física (elaborada por Lucía Trillo).

Este plan pode descargarse na páxina do CEIP de Quiroga http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquiroga/
Tamén pode atoparse en formato de imaxe no blog recursoscuarto.wordpress.com xunto cos recursos necesarios

Para facilitar a consulta ao alumnado dos contidos superados nalgúns casos engádense as páxinas de referencia dos libros de texto.

*Este plan está pensado para imprimir ou realizar os exercicios nos cadernos de cada materia. Ademais engádese o repaso con actividades interactivas do libro de Vicens Vives e actividades alternativas para o alumnado sen Internet.

**O alumnado tamén pode atopar actividades de repaso non obrigatorias na web recursoscuarto.wordpress.com

QUIROGA É UN VIÑO

Tarefas do 11 ao 22 de maio - 4º de Primaria (CEIP de Quiroga)

LECTURA LG

1. Le con atención:

MOITO OLLO CO MECO DA ERMIDA!

Texto adaptado: Xornal de Lemos (X.M.F.) - 8/9/18

O Meco agardando diante da Igrexa da Ermida

Os días 8 e 9 de setembro esta figura e as Pampórnigas son o centro de atención da romaría da Virxe dos Remedios na Ermida, no concello de Quiroga.

O Meco é unha figura que representa ao Demo e as Pampórnigas son dous xigantes, non cabezudos, que representan a un home e a unha muller.

Segundo nos conta Amparo Montenegro, presidenta da Asociación Rural Souto do Val, dende a constitución desta entidade traballan pola recuperación da historia, cultura e tradicións do lugar e en particular da ancestral Danza do Meco e as Pampórnigas que é o acompañamento na procesión que acabamos de comentar.

Tamén nos relata que no outeiro onde hoxe está a Igrexa, edificio relixioso que data do século XVII e lugar onde remata a procesión, antigamente houbo un castro e posteriormente un templo relixioso que quizais fose anterior ao século V. Seica foi xusto neste lugar onde un veciño atopou a imaxe actual da Virxe dos Remedios, entre as ruínas do devandito templo, e por ese motivo as autoridades eclesiásticas da época decidiron erguer a actual igrexa e facer cada ano a procesión na súa honra.

O MECO

O Meco vai todo vestido de vermello, leva unha máscara de madeira, un complemento de tea e recheo que lle cubre cabeza e caluga e unha vasoira de toxos. De cando en vez tamén usa unhas castañolas para facer ruído e advertir da súa presenza.

A súa función é abrir camiño á procesión ata a chegada á Igrexa da Ermida. Xa alí, queda fóra e segundo a hipótese máis seguida, tamén ten o cometido de distraer aos fregueses para que non asistan ao acto relixioso.Todo apunta a que poda tratarse dun rito pagán que actualmente convive co cristián. pero hai tamén discrepancias nesta interpretación.

En calquera caso, o Meco entretén á xente que queda no adro e os asistentes participan dunha sorte de xogo no que lle tiran moedas ao chan para que se agoche a collelas e aproveitar este intre para vacilalo e pegarlle losqueadas na caluga. O Meco deféndese como pode co pau de toxos contra aqueles que se queren mofar del.

Esta figura vén sendo representada sempre por un home e da mesma familia desde que se coñece, pasando logo de xeración en xeración. Amparo comenta que este tema está creando debate e xa se fala da posibilidade de que faga de Meco calquera outra persoa, e que poida ser home ou muller.

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA LG

Escoita o poema "Cando o vrau é xa froito moi maduro" na seguinte ligazón ou axúdate do texto e responde ás preguntas de abaixo.

Poema: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesquiroga/node/1342
Video do Meco; https://www.youtube.com/watch?v=Bp2I3gxKMPE

Ilustración do Meco e as Pampórnigas de Teixelo para o libro de Manuel María

CANDO O VRAU É XA FROITO MOI MADURO

Sonetos ao Val de Quiroga, 1988 (Manuel María)

Cando o vrau é xa froito moi maduro
e a luz se fai colleita ben cumprida,
no misterio do Val, aló na Ermida,
celébrase un ritual fermoso e puro.

As pampórnigas son canción erguida,
a vez invocación e desconxuro,
pra calmar a un fosco deus escuro
enemigo da vide e máis da vida.

O felo encarna o feo, o medo, o mal,
o terror impreciso e tebregoso
que habita no interior de cada cal.

Cumprindo un rito sagro e inmemorial,
o folión, antergo e poderoso,
reventa, incontible, en xente e Val.

2. Resolve no teu caderno:

A) Segundo a Real Academia da Lingua Galega un felo é un obxecto que representa unha cara, que utilizan as persoas para cubriren o rostro e así transformaren o seu aspecto. Quen cres que é o felo que representa ao demo na romería da Ermida?

B) O verán dura do 21 de xuño ao 21 de setembro. Que queren dicir os dous primeiros versos do poema?

A DESCRICIÓN LG

3. Describe ao Meco seguindo as indicacións da páxina 46 do libro de Lingua. Lembra todo o que aprendiches sobre el.

Esta actividade envíase por calquera das vías de comunicación que coñecedes. Por favor, lede ben as recomendacións do libro para facelo correctamente.

DIPTONGOS E HIATOS

Repasa en las páginas del libro 36 y 50

Actividades 4 y 5 para el alumnado con acceso a las actividades interactivas:

TEMA 3: 3 Los diptongos 14, 15

TEMA 4: 3 Los hiatos 14, 15 y 17

Actividades 4 y 5 para alumnado sin acceso a las actividades interactivas:

4. Divide en tu cuaderno en sílabas las siguientes palabras sobre el tema

romería	canción	cumpliendo	iglesia	atrio
bien	dios	días	Remedios	ruinas
ritual	miedo	tradición	castañuelas	autoridades

5. Clasifica en un cuadro en tu cuaderno las palabras anteriores según tengan diptongos o hiatos.

6. Rodea la sílaba tónica de las siguientes palabras y pon tilde si es necesaria:

pamporniga	cosecha	enemigo	valle	gaita
musica	invocacion	feo	Quiroga	ermita
fiesta	terror	rito	meco	procesion
verano	fruto	sagrado	vendimia	vino

O ACEITE CN

Le con atención: *MUÍÑOS E OLIVEIRAS PARA PRODUCIR ACEITE*

Aquí mesmo, nestas terras de Quiroga tamén eramos quen de producir o noso aceite (desde hai moitos séculos), o ouro verde dos romanos. Non é doado precisar desde cando existen oliveiras nesta zona, mais todo parece indicar que foron os romanos os introdutores do seu cultivo.
Con eles trouxeron as sementes da zona mediterránea e aquí procederon á súa plantación. Co tempo o cultivo chegou a ter moita importancia.

Texto adaptado: Unidades Didácticas para escolares (Asociación Río Lor)

Alumnado con acceso a Internet:

7. Visita a web https://es.educaplay.com/

Escribe no buscador "As oliveiras de Quiroga" e realiza a actividade.



Alumnado sen acceso a Internet:

7. Observa con atención o video que adxunto e resolve estas preguntas no teu caderno:

A) Elixe a/as resposta/as:

O aceite de Quiroga diferénciase do resto...

pola oliveira pola terra caliza polo clima non se diferencia en nada

Que cres que quere dicir "oliveira autóctona"?

É a que dá aceite para consumir na casa.

É a que non é unha árbore propia da zona de Quiroga.

É a que é unha árbore propia da zona de Quiroga.

É a que non vale para facer aceite.

Marca os coidados necesarios que cita Manuel Mondelo:

Regar Limpar (darlle cobre) Podar Plantalas de 6 en 6

B) Contesta: **Onde está o muíño de aceite onde celebramos a mostra?**

8. Repasa as páxinas 44 e 45 do libro de Ciencias Naturais para facer o exercicio da páxina seguinte.
Atoparás estes recursos no noso blog recursoscuarto.wordpress.com ou no teu whatsapp

Escribe o nome das partes da oliveira e completa segundo as páxinas que acabas de repasar.



F. O tipo de folla da oliveira segundo o limbo é .....

G. O tipo de folla da oliveira segundo o bordo é .....

SECTORES ECONÓMICOS

9. Repasa os sectores económicos Páx. 84 e 85 de C. Sociais.

Alumnado con acceso ás actividades interactivas:
TEMA 6. As actividades produtivas. Os sectores económicos: 7 e 8

Alumnado sen internet: Escribe os sectores aos que pertencen estes traballos:

A) Colleiteiro de uva.
B) Caurelor: produtos feitos con castañas.
C) Gandeiro
D) Apicultor
E) Casa de turismo rural
F) Atrium Vitis: bodega

10. A que sector pertencen estas empresas relacionadas co mundo da oliva? Observa as imaxes da páxina seguinte, escribe e explica por que.

Enoturismo Galicia
22 de noviembre de 2019 ·

Oleoturismo en Ribeira Sacra.....
Se trata de un viaje interactivo donde los adultos y los niños aprenderi de donde procede el aceite, como se cuidan los olivos y como se transforma la aceituna en aceite de forma natural Seréis partícipes de todo el proceso que tiene la aceituna: recolección, limpieza, criba.....

ENOTURISMO GALICIA

Artesania Armaior
10 de noviembre de 2013 ·

Esta colección de pezas en madeira de oliveira xa teñen dono e van camiño de suecia, boa viaxe!!

ARTESANÍA ARMAIOR

11. Observa e le con atención:

O sector primario adícase á obtención de produtos da natureza. O sector que se adica a transformar eses produtos é o sector secundario. Como se transformaba hai séculos a oliva en aceite en Quiroga? **O MUÍÑO DE ACEITE DE BENDILLÓ**

Observa estes debuxos e ve con atención o video EL MOLINO DE ACEITE
https://www.youtube.com/watch?v=MCHPLIri4bA





12. O último aceite obtense cunha decantadora. Repasa na páxina 87 do libro de Ciencias Naturais que é decantar e para que serve neste caso.

CÁLCULOS DEL OLIVAR

MÁT Repaso libro pág. 134 y 135

13. Necesitamos unos 5kg de aceitunas para elaborar 1 litro de aceite. Este año en mi finca recogimos 300 kg de aceitunas. ¿Cuántos litros obtuvimos al final?

14. A una almazara quiroguesa (lugar donde se prensa la aceituna para extraer aceite) **han llegado cada día 450 kg de aceitunas. La almazara ha estado abierta 12 días seguidos. ¿Cuántos kilogramos de aceituna han recibido en ese tiempo?**

15. Un olivarero consigue elaborar 120 litros de aceite. Los va a embotellar en botellas de 6 decilitros para regalar ¿Cuántas botellas obtendrá?

O MEL C. NATURAIS

Un dos produtos típicos e naturais do noso territorio é o mel. Hoxe imos aprender algunhas cousiñas sobre o seu proceso


O quirogués Avelino González coas colmeas nos anos 50 do século XX

16. Observa o video "COMO HACEN LA MIEL LAS ABEJAS"
https://www.youtube.com/watch?v=_xYN4TDb-qA
Despois ordena as frases sobre o proceso de elaboración do mel.

- As abellas do interior transformarán o néctar en mel xa dentro da colmea.
- As abellas exploradoras absorben o néctar das flores e volver á colmea para entregarllo ás abellas *jóvenes*
- Cando o néctar está listo as abellas levan as gotiñas aos panais, fabrican o mel durante a noite e, cando está listo, tapan os buracos cunha capa de cera.
- O zángano fecunda á raíña e deses ovos nacerán as abellas obreiras. O mel é o alimento que fabrican as abellas para alimentar ás súas crías e durante o inverno.
- Algunhas das abellas obreiras, chamadas exploradoras, saen da colmea para buscar néctar das flores. Neste proceso de busca as abellas van de flor en flor e levan nas súas patiñas pole, polo que son necesa- rias para que as flores acaben sendo froito.

1

Repasa as páxinas 48 e 49 do libro de Ciencias Naturais **A POLINIZACIÓN**

17. Alumnado con acceso ás actividades interactivas
CN. TEMA 3 As plantas. 6 A reprodución**. Actividades 32, 33 e 35**

Alumnado sen acceso a internet:

Explica, brevemente, como se produce a reprodución sexual das plantas con flores usando algunhas destas palabras: abella, pole e froito.

OS INVERTEBRADOS CN

O proceso da polinización é un dos que garantiza que a natureza e o noso planeta perdure. Algo tan importante depende de varios factores, entre eles a acción de animais de todo tipo. Moitos destes animais son invertebrados coma a abella, a formiga, a avespa ou a bolboreta...

18. Repasa as páxinas do libro de Ciencias Naturais 58 e 59 e responde no teu caderno.

- Cales son os grupos de invertebrados?

- A cales deles pertencen os animais que dixemos na introdución que realizaban a polinización?

- Nomea as características e as partes do corpo que adoitan ter.

A ABELLA

Na clase explicamos a simetría coma unha cualidade dos obxectos pola cal cando os dobrábamos nunha liña recta (chamada eixo) coincidían as súas partes.

19. Completa e colorea esta abella intentando facela simétrica. *PLÁSTICA*

O VIÑO LG

Aínda que xa se cultivaba a vide antes, foron os romanos os que introduciron o cultivo da vide tal e como se coñece actualmente e da oliva nos vales dos ríos Sil e Miño.

19. Le atentamente este parágrafo dun texto adaptado de Uxío Novoneyra incluído nun programa das Festas de Quiroga de 1956:

"Cando oio o nome de Quiroga penso ao intre nunha sensación fresca que remata sempre cun sentimento de alegría. Por iso eu digo "Quiroga é un viño", un dises mellores viños galegos (...), un viño vermello que non perde a cor no corazón".

Alumnado con acceso ás tarefas interactivas: Tema 3. Noticia. 2 Xénero e número **Act. 8,9,10 e 11. Tema 4. Os dinosauros** 2 Xénero e número **9,10 e 11**

Alumnado sen acceso a internet:
Escribe o xénero e número dos substantivos e adxectivos do texto de Uxío Novoneyra.

QUIROGA É UN VIÑO

20. Lendo esas liñas de Novoneyra parece que compara a Quiroga cun viño, pola sensación que produce.

Moita xente pensa que a frase "Quiroga é un viño" é realmente unha metáfora.

Busca na páxina 100 do libro de Lingua, para poder lembrar que era unha metáfora.

Observando a forma do mapa de Quiroga que hai á dereita, a que saboroso obxecto moi relacionado co viño parécese?

_____

PROBLEMAS NA RIBEIRA SACRA MÁT.



En el próximo tema trabajaremos sobre la Ribeira Sacra. La Ribeira Sacra es una zona que destaca por sus monasterios y el cultivo de la vid. Comprende varios concellos de la provincia de Lugo y Ourense, entre ellos el nuestro.

21. Para realizar la vendimia en una bodeja usan cajas donde caben 18 kg de uvas. Si al finalizar la jornada han recogido 34627 kg ¿Cuántas cajas ha recogido?

22. Esas cajas las transportaron en un camión con capacidad para 34 cajas. ¿Cuántos viajes tuvo que realizar el camión?

23. Cada caja de uvas pesa llena 19500 gramos. ¿Cuánto pesa la caja vacía?

24. Para poder llenar una botella de 75 cl se necesita 1kg de uva.
¿Cuántas botellas de 75 cl se llenan con una caja llena?

¿Cuántos centilitros hacen falta para llenar 800 botellas?

LINGUA DE SIGNOS

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Activid. optativas abertas a todo o alumnado

A lingua de signos é unha lingua natural, de carácter visual, espacial, xestual e manual.

Este curso tivemos unha charla informativa onde aprendemos moito sobre a lingua de signos, e mesmo os profes seguimos traballando sobre o tema. Na páxina web do cole tedes algúns exemplos: animais do xeoparque, o conto "Lúa, lúa" ou o conto "Crocodilo".

26. Aprende o nome destes invertebrados do xeoparque en lingua de signos:

abella

formiga

bolboreta

xoaniña

Na **web https://fundacioncnse-dilse.org/** podes atopar moitísimo vocabulario en video ou en foto. **Ten en conta que terás que buscar as palabras en castelán!**

27. Tócache a ti buscar! Escolle calquera das palabras que teñan que ver co Xeoparque Montañas de Courel. Nestes temas traballamos moitísimas relacionadas cos cultivos ou a fauna... Anímate!
(Lembra buscalas en castelán)

Podedes mandar os videos ou as fotos por calquera das vías de comunicación que coñecedes. A profe Sara terá que adiviñar a vosa palabra escollida!

NA BUSCA DO OURO !

28. A aventura que estás a piques de vivir percorre o curso medio do Sil. Buscas o tesouro mais non sabes onde estás e para máis desgracia só tes un mapa vello con algúns enigmas:

1º Observa ben o mapa,
agora toca pensar,
de todos estes lugares,
hai un en especial.
Un sitio que últimamente
ninguén debía pisar.
Arrodea onde te atopas
para poder empezar.

2º Se pensas que o sabes xa
e xa notas a auga fresquiña,
elíxe un punto cardinal
para chegar á túa casiña.

3º Aínda moitos enigmas terás que superar,
para que a aventura empezada consigas finalizar.
Chegaches? Noraboa! E agora a descansar!
Serás coma ave que durme
E nunha soa pata soña,
Tí podes ser por un intre,
Unha cansada cegoña.
Buscarás esa postura
En ioga coma unha árbore,
E un minuto así atura
Para seguir logo a viaxe.

4º Que ben sentou o descanso! E xa coas forzas renovadas
mete nunha mochila a roupa para pasar a xornada.
Se non sabes que prendas coller, se levar vestido ou camisa,
A pista terás que seguir, ao norte do mapa, arriba!
Mete a roupa avermellada, tan guapos coma un boneco,
Acabaredes máis tarde, vestidos coma o .....

5ª Xa estamos preparados?
Xa está a mochila feita?
Pona ao lombo e le ben,
que a aventura non cesa!
Coidado cos encantamentos,
iso é cousa esencial,
Que imos á natureza
a facer o animal!
Non te rías, é difícil,
Se che parece doado
Tes 1 minuto,
Para ser invertebrado!

6º Con este novo disfrace terás protección dos conxuros,
Busca agora no teu mapa un lugar nada escuro.
Cun río pasando ao carón tí verás facendo camiño,
Onde o ouro vai ter a cor verde, na aldea dun vello muíño.

7º Xa coñeces o destino? Desvelaches os segredos?
Sodes nenos e nenas ben listos pero o tesouro non vemos.
Para chegar a ese cofre e que abra a súa tapiña,
Pon por fin toda a roupa, Que levas na túa mochila!

Envía as solucións (texto e fotos) ao correo da profe
Lucía se queres participar: **luciatrillo@edu.xunta.gal**